



## PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA NOS MÁSTERES UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024

(Consello de Goberno do 26/01/2023)

O procedemento de preinscripción e matrícula nos másteres universitarios da Universidade da Coruña realizarase en todo caso de acordo cos trámites establecidos na normativa vixente aplicable.

As persoas solicitantes acreditarán, da forma prevista nos apartados I e II deste documento, o cumprimento dos requisitos de acceso e admisión para cada máster, nos prazos sinalados para realizar a preinscripción.

As persoas solicitantes só poderán presentar unha única solicitude de preinscripción por opción de estudo e curso académico na que indicarán a orde de preferencia.

As persoas solicitantes presentarán a través da aplicación de preinscripción copia simple da documentación esixida para o acceso, e deberán presentar os orixinais ou a documentación compulsada no momento de serlle requirida na administración do centro de adscrición do máster.

As datas e horas recollidas nesta normativa enténdense referidas ao horario peninsular español.

### I.- ACCESO DO ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES) OU HOMOLOGADOS OU DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE

Para acceder ás ensinanzas oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do espazo europeo de educación superior (EEES) (véxanse os anexos I e II) que faculta no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de máster. Ou ben, dispor dun título expedido por unha universidade estranxeira que estea homologado ou declarado equivalente a un título español que permita o acceso aos estudos de posgrao.

#### 1) PREINSCRICIÓN

A preinscripción realizarase a través da aplicación de preinscripción da UDC onde as persoas solicitantes presentarán a copia simple da documentación esixida para o acceso segundo o punto 4. As persoas interesadas poden realizar unha única solicitude de preinscripción por opción de estudo e curso académico na que indicarán a orde de preferencia. Deben subir a documentación necesaria e priorizar as opcións (en caso de solicitar varias).

Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos requeridos, as persoas solicitantes deberán incluír un enderezo de correo electrónico que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacións derivadas deste proceso.

Se algúns documentos non fose correcto, no momento en que se realice a validación administrativa da súa solicitude recibirán un requerimento para a súa corrección, no que se lle indicará o prazo que ten para achegalo, que como mínimo será ata o último día de prazo para formalizar as solicitudes ou outra data no caso de que ese prazo xa vencese no momento da validación administrativa.



## 2) ADMISIÓN

A comisión académica/de selección do máster encargarase do establecemento e aplicación dos criterios de baremación e ordenación dos expedientes cara á admisión e, reflectirá a baremación de cada solicitude na aplicación de preinscrpción. Posteriormente, asignaranse automaticamente as prazas dispoñibles en cada opción de estudo tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) A nota de admisión de cada solicitude a cada opción de estudos.
- 2) A orde de preferencia de cada solicitude a cada opción de estudos.

Cada solicitante será admitido, como máximo, a unha opción de estudos das solicitadas, seguindo sempre a súa orde de preferencia.

A admisión ou denegación será informada ás persoas solicitantes vía correo electrónico a través da citada aplicación onde se indicará o prazo de matrícula e o prazo de reclamacións. Non obstante, as persoas solicitantes poderán consultar o estado da súa solicitude na aplicación en calquera momento.

A listaxe provisional e a listaxe definitiva de alumnado admitido en cada opción de estudos publicarase no centro de adscrición do máster. De ser o caso, as reclamacións presentaranse nos prazos establecidos e a través de instancia telemática dirixida ao dito centro.

## 3) MATRÍCULA

Unha vez que as persoas solicitantes reciban por correo electrónico a comunicación de que teñen concedida a admisión á matrícula, deberán matricularse nos prazos establecidos a través da secretaría virtual e, de ser o caso, permanecerán na listaxe de agarda nas opcións de estudo de maior preferencia. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza.

Completado cada chamamento a matrícula, no caso de que se produzcan vacantes, correrá de forma automática a listaxe de agarda. Os matriculados nunha opción de estudo non preferente, se son convocados, poderán realizar un cambio da súa matrícula na administración do centro de adscrición do máster.

## 4) DOCUMENTACIÓN

No relativo á presentación da documentación esixida haberá que distinguir dentro do EEES, aos países membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que non se lles esixe ningún tipo de legalización (relación destes países no Anexo I), dos países que non son membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que si deberán presentar os documentos académicos legalizados (relación deste países no Anexo II).

Todas as solicitudes de preinscrpción deberán ir acompañadas, sen preuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, da seguinte documentación:

- a) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO EEES DE PAÍSES MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA OU SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO



1. DNI ou pasaporte en vigor, e NIE, no seu caso.
2. Título que dá acceso ao máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (\*)
3. Certificación académica ou SET en que conste a nota media do expediente calculada segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro.
4. No caso de títulos estrangeiros, de non reflectirse na certificación a dita nota media, deberá presentar, xunto coa certificación académica, unha declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estrangeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no seguinte enderezo web:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>.

5. Documentación referente aos apartados VI e VII deste documento, de ser o caso.
  6. A comisión de cada máster poderá requisitar, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.
- b) ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO EEEES DE PAÍSES QUE NON SON MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA OU SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO
1. DNI ou pasaporte en vigor, e NIE, no seu caso.
  2. Título que dá acceso ao máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (\*)
  3. SET ou certificación académica en que conste:
    - Duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
    - Materias cursadas
    - Carga horaria/créditos de cada materia (1 crédito = 25 horas)
  4. Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estrangeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no seguinte enderezo web:  
<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>
  5. A comisión académica/de selección de cada máster poderá requisitar, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.

(\*) De maneira provisoria, aceptarase a solicitude de expedición do título oficial. No caso de presentar este último documento e resultar admitido, poderá matricularse pero deberase entregar o título ou o documento acreditativo de estar en posesión do dito título obtido, antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre.

Excepcionalmente, de conformidade co disposto no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, o estudantado que lle reste por superar o TFG e como máximo ata 9 créditos ECTS poderá acceder e matricularse nun máster universitario de acordo coa normativa da UDC para estes supostos, aínda que en ningún caso poderá obter o título de máster se previamente non obtivo o título de grao. Terá prioridade na asignación de prazas o estudantado que dispoña do título universitario oficial de grao.



## II.- ACCESO DO ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEES NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE

Os titulados conforme sistemas educativos alleos ao EEES poderán acceder ás ensinanzas oficiais de máster sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de que o Servizo de Organización Académica da UDC comprobe que estes acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar as ensinanzas de máster.

Os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao EEES que soliciten acceso ás ensinanzas oficiais de másteres universitarios que habilitan para o exercicio de profesión regulada, deberán ter o seu título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente. De xeito excepcional, únicamente no segundo e terceiro dos prazos de preinscripción ordinaria e sempre que queden prazas vacantes, aqueles solicitantes que xa iniciaran o proceso de homologación ou declaración de equivalencia, poderán presentar a solicitude de preinscripción en másteres universitarios que habilitan para o exercicio de profesión regulada, adxuntando a xustificación de ter iniciado o devandito proceso. A comisión académica/de selección do máster poderá autorizar a matrícula condicionada a estes solicitantes, pero non poderán defender o seu Traballo Fin de Máster nin obter o título de máster ata que obteñan a homologación ou declaración de equivalencia correspondente.

### 1) PREINSCRICIÓN

A preinscripción realizarase a través da aplicación de preinscripción onde as persoas solicitantes presentarán a copia simple da documentación esixida para o acceso segundo o punto 5. O alumnado pode realizar unha única solicitude de preinscripción por opción de estudio e curso académico na que indicarán a orde de preferencia. Debe subir a documentación necesaria e priorizar as opcións (en caso de solicitar varias).

Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos requiridos, os solicitantes deberán incluir un enderezo de correo electrónico que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacóns derivadas deste proceso.

Se algún documento non fose correcto, no momento en que se realice a validación administrativa da súa solicitude recibirá un requerimento para a súa corrección, no que se lle indicará o prazo que ten para achegalo, que como mínimo será ata o último día de prazo para formalizar as solicitudes ou outra data no caso de que ese prazo xa vencese no momento da validación administrativa

### 2) ADMISIÓN

A comisión académica/de selección do máster encargarase do establecemento e aplicación dos criterios de baremación e ordenación dos expedientes cara á admisión e reflectirá a baremación de cada solicitude na aplicación de preinscripción. Posteriormente, asignaranse automaticamente as prazas dispoñibles en cada opción de estudio tendo en conta os seguintes criterios:

- . A nota de admisión de cada solicitude a cada opción de estudios.
- . A orde de preferencia de cada solicitude a cada opción de estudios.



Cada solicitante será admitido, como máximo, nunha opción de estudos das solicitadas, seguindo sempre a súa orde de preferencia.

A admisión condicionada ou denegación será informada ás persoas solicitantes vía correo electrónico a través da citada aplicación onde se indicará o prazo de matrícula e o prazo de reclamacións, ademais da información sobre a obriga de facer o trámite de solicitude de declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles, e a forma de facelo coa especificación dos documentos que se requieren e os requisitos destes. Non obstante, as persoas solicitantes poderán consultar o estado da súa solicitude na aplicación en calquera momento.

A listaxe provisional e a listaxe definitiva de alumnado admitido en cada opción de estudos publicarase no centro responsable. De ser o caso, as reclamacións presentaranse nos prazos establecidos e a través de instancia telemática dirixida ao centro responsable.

### 3) MATRÍCULA

Unha vez que as persoas solicitantes reciben a comunicación de que teñen concedida a admisión condicionada, deberán matricularse a través da secretaría virtual nos prazos establecidos. O estudantado admitido condicionado, que non formalice a matrícula no período establecido perderán o seu dereito sobre a praza adxudicada.

Os solicitantes de bolsas, axudas, convenios etc. deberán acreditar esta circunstancia xunto coa documentación esixida, para a exención de prezos públicos.

O procedemento correspondente á xestión da matrícula será competencia das administracións dos centros de adscrición do máster, onde as persoas solicitantes deberán presentar os orixinais ou a documentación compulsada de serles requirida.

Completado cada chamamento a matrícula, correrá de forma automática a listaxe de espera de cada opción de estudio e novos solicitantes serán chamados a matrícula desde as administracións dos centros de adscrición dos másteres.

### 4) DECLARACIÓN DE NIVEL DE FORMACIÓN EQUIVALENTE

A admisión e matrícula, terán **carácter provisional** condicionadas á concesión da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles, de conformidade co disposto no artigo 18.2 do Real decreto 822/2021 así como ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan para cada máster.

Para a concesión da dita declaración de nivel de formación equivalente, o alumnado deberá presentar nas administracións dos centros de adscrición do máster, antes de que finalice o prazo correspondente a súa matrícula, unha solicitude dirixida ao reitor. Esta solicitude deberá ir acompañada dos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos ou copia de ter efectuado a solicitude da correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica. E, no seu caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos. Así mesmo, deberá solicitar e aboar as taxas correspondentes para a súa resolución.

Cando no prazo de matrícula indicado a persoa interesada non poida achegar a documentación requerida, e despois de serlle solicitada, antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre o/a decano/a-diretor/a do centro proporá ao reitor que resolva sobre a anulación de matrícula, sen dereito, no seu caso, á devolución das taxas e prezos públicos.



A resolución desestimatoria da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles para o ingreso nos másteres universitarios, suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula.

## 5) DOCUMENTACIÓN

Todas as solicitudes de preinscripción deberán ir acompañadas, sen prexuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, da seguinte documentación:

1. DNI ou pasaporte en vigor, e NIE, no seu caso.
2. Título que dá acceso aos estudos de máster.
3. Certificado expedido por autoridade competente que exprese que o título do que estea en posesión o interesado facilita, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de máster ou de posgrao; excepcionalmente, e de forma motivada polo interesado, poderase substituír por unha declaración responsable, de acordo co disposto no artigo 69.1 da LPAC.
4. Certificación académica dos estudos universitarios realizados, na que conste:
  - a. Duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
  - b. Materias cursadas
  - c. Carga lectiva de cada materia (horas ou créditos)
  - d. Cualificación e escala de cualificacións.
5. Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros extranjeros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no seguinte enderezo web:  
<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>
6. A comisión académica/de selección de cada máster poderá requerir, de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.
7. Se a persoa solicitante non pode achegar a documentación legalizada, bastará de forma provisional con que a chegue unha copia de ter efectuado a solicitude da correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica.

## III.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS DOCUMENTOS MENCIONADOS NO APARTADOS I e II

1. Deberán ser oficiais e expedidos polas autoridades competentes para isto.
2. O alumnado que posúa documentación nun idioma distinto do galego ou castelán, deberán acompañala da correspondente tradución oficial a calquera das dúas linguas oficiais na UDC, que deberá facer unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español  
(<https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Traductores-Interpretes-Jurados.aspx>)

Non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propria persoa interesada, prevalecendo, se houber discrepancia, a tradución que realice a UDC.



- No suposto de documentación traducida con selo da tradución xurada nos casos que esta sexa necesaria, deberán achegar copias de:
- . Documentos orixinais sen traducir (sen selo da tradución xurada)
  - . Documentos orixinais traducidos (con selo da tradución xurada)
3. Todos os documentos achegados á solicitude poderán ser copias simples, mais deberán subir unha declaración responsable de que os documentos e datos presentados son fidedignos.
4. As persoas solicitantes deberán presentar os orixinais para seren cotexados, de ser o caso, cando lles sexan requiridos, na administración do centro de adscrición do máster.
5. A comisión académica/de selección de cada máster poderá requerir de o considerar preciso, a entrega doutra documentación.

Calquera omisión ou falsidade nos datos declarados e na documentación achegada poderá dar lugar a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas e, no seu caso, á anulación da matrícula, independentemente das sancións administrativas ou penais que correspondan.

#### **Nota aclaratoria. LEGALIZACIÓN DE DOCUMENTOS**

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deberán presentarse legalizados por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a apostila da Haia.

Para legalizar os documentos por vía diplomática deben ser presentados en:

- 1º Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos.
- 2º Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron os documentos.
- 3º Representación diplomática o consular de España nese país.

Para legalización de documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia (véxase a relación destes países no anexo III), deben ser presentados:

- 1º Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos.
- 2º Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediron os documentos.



## IV.- PRAZOS

PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO (*)			
ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEES NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE	13 de febrero-14 de abril 2023	Preinscripción	En liña(páxina web UDC)
	2 de maio de 2023	Notificación provisional/publicación da listaxe provisoria	Servizo de Estudantes/centro de adscrición do máster
	2 - 5 de maio de 2023	Reclamacións	
	12 de maio de 2023	Notificación definitiva e notificación de admisión/publicación da listaxe definitiva	
	1 – 8 de xuño de 2023	Matrícula	Secretaría virtual/centro de adscrición do máster

(\*) Recóllese a modificación aprobada en Consello de Goberno do 20 de decembro de 2022 ao calendario contido no acordo do Consello de Goberno do 16 de decembro de 2021 e modificado o 28 de abril de 2022, polo que se aprobou un prazo extraordinario de preinscripción e matrícula, para os másteres universitarios da UDC, para aqueles estudantes de sistemas universitarios alleos ao EEES. En todo caso, o número total de estudantes admitidos non superará o **30 % das prazas ofertadas** (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse para os prazos sinalados no apartado de prazos xerais).

O alumnado proveniente de sistemas educativos alleos ao EEES poden solicitar a preinscripción nun máster no segundo ou terceiro prazo se non o fixeron no prazo do procedemento extraordinario establecido, ou se non foron admitidos neste prazo, as comisións académicas/de selección deberán ter en conta que terán preferencia en todos os prazos do procedemento ordinario os solicitantes provenientes de sistemas educativos do EEES sobre os solicitantes provenientes de sistemas universitarios alleos ao EEES, toda vez que estes tiveron o seu propio prazo así como unha porcentaxe de reserva de prazas.



PROCEDEMENTO ORDINARIO			
ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS DO EES OU HOMOLOGADOS OU DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE	1º PRAZO(**)		
	2 de maio-26 de xuño de 2023	Preinscripción	En liña (páxina web UDC)
	14 de xullo de 2023	Notificación provisional/publicación da listaxe provisional	Servizo de Estudantes/centro de adscrición do máster
	14-18 de xullo de 2023	Reclamacións	
	21 de xullo de 2023	Notificación definitiva e admisión/publicación da listaxe definitiva	
	22 xullo-20 de agosto de 2023	Chamamentos a matrícula(***)	Secretaría virtual/centro de adscrición do máster
	2º PRAZO (só prazas vacantes)		
	22 - 28 de agosto de 2023	Preinscripción	En liña (páxina web UDC)
	5 de setembro de 2023	Notificación provisional/publicación da listaxe provisional	Servizo de Estudantes/centro de adscrición do máster
	5 - 7 de setembro de 2023	Reclamacións	
	12 de setembro de 2023	Notificación definitiva e admisión/publicación da listaxe definitiva	
	13 - 20 de setembro de 2023	Chamamentos a matrícula (***)	Secretaría virtual/centro de adscrición do máster
	3º PRAZO (só prazas vacantes)		
	26 de setembro-4 de outubro 2023	Preinscripción	En liña (páxina web UDC)
	10 de outubro de 2023	Notificación definitiva, e admisión/publicación da listaxe definitiva	Servizo de Estudantes/centro de adscrición do máster
	10 -12 de outubro de 2023	Reclamacións	
	17 de outubro de 2023	Notificación definitiva e admisión/publicación da listaxe definitiva	
	18 - 23 de outubro de 2023	Matrícula	Secretaría virtual/centro de adscrición do máster

(\*\*) Excepcionalmente, e debido ao adianto do calendario de preinscripción, os estudiantes que vaian defender o seu TFG e se comprometan a entregar a certificación académica definitiva e a solicitude do título **antes das 23:59 horas do 11 de xullo de 2023** poderán realizar a preinscripción no primeiro prazo do procedemento ordinario. Deben presentar unha declaración responsable de estar en condicións de defender o TFG co compromiso de entregar a certificación académica definitiva e a solicitude do título antes da dita data.

(\*\*\*) Dentro do primeiro prazo ordinario os chamamentos a matrícula terán as seguintes datas: primeiro chamamento a matrícula do 22 - 26 de xullo, segundo chamamento do 28 - 31 de xullo e, de ser necesario, haberá un terceiro chamamento do 18 - 20 de agosto. No segundo prazo ordinario, o primeiro chamamento será 13 - 17 de setembro e o segundo chamamento 19 - 20 de setembro. O terceiro prazo ordinario só terá un único chamamento do 18 - 23 de outubro.



## PRAZOS PARA O CURSO 2024/2025 PARA O ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEEs NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE.

Coa finalidade de facilitar a planificación de accións de internacionalización e acceso aos másteres universitarios destes estudiantes, os prazos previstos para a vindeira edición, correspondente ao curso 2024/2025 serán os que se indican na seguinte táboa.

O número total de solicitantes admitidos nestes prazos non poderá superar o 30 % das prazas ofertadas en cada máster. Estes solicitantes deberán cumplir os requisitos de acceso e de admisión na forma establecida neste documento.

PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO (*)			
ALUMNADO CON TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEEs NON HOMOLOGADOS OU NON DECLARADOS EQUIVALENTES POLO MINISTERIO COMPETENTE	16 de xaneiro-15 de abril 2024	Preinscripción	En liña (páxina web UDC)
	2 de maio de 2024	Notificación provisional/publicación da listaxe provisoria	Servizo de Estudantes/centro de adscrición do máster
	3-6 de maio de 2024	Reclamacións	
	13 de maio de 2024	Notificación definitiva e admisión/publicación da listaxe definitiva	
	3-10 de xuño de 2024	Matrícula	Secretaría virtual/centro de adscrición do máster

(\*) En todo caso, o número total de estudiantes alleos ao EEEs admitidos non superará o **30 % das prazas ofertadas** (as prazas desta reserva que non se cubran acumularanse para os seguintes prazos).



## V.- PROCEDIMENTO ESPECÍFICO PARA O MÁSTER DE PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS

### 1) PREINSCRICIÓN, ADMISIÓN E MATRÍCULA

A preinscrición realizarase a través da aplicación de preinscrición onde as persoas solicitantes presentarán a copia simple da documentación esixida para o acceso segundo o procedemento ordinario indicado no apartado I, e de acordo a **un único prazo** de preinscrición e matrícula como se indica a continuación.

Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos requiridos, os solicitantes deberán incluír un enderezo de correo electrónico que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacóns derivadas deste proceso.

Se algún documento non fose correcto, no momento en que se realice a validación administrativa da súa solicitude, recibirá un requerimento para a súa corrección, no que se lle indicará o prazo que ten para achegalo, que como mínimo será ata o último día de prazo para formalizar as solicitudes ou outra data no caso de que ese prazo xa vencese no momento da validación administrativa.

### 2) PRAZOS

2 de maio-26 de xuño de 2023	Preinscripción	En liña (páxina web UDC)
14 de xullo de 2023	Notificación provisional/publicación da listaxe provisoria	Servizo de Estudantes/centro de adscrición do máster
14 de xullo-18 de xullo de 2023	Reclamacións	
21 de xullo de 2023	Notificación definitiva e admisión/publicación da listaxe definitiva	
22 xullo-20 de agosto de 2023 de 2023	Chamamentos a matrícula (***)	Secretaría virtual/centro de adscrición do máster

(\*\*) Excepcionalmente, e debido ao adianto do calendario de preinscrición, os estudiantes que vaian defender o seu TFG e se comprometan a entregar a certificación académica definitiva e a solicitude do título **antes das 23.59 horas do 11 de xullo de 2023** poderán realizar a preinscrición no primeiro prazo do procedemento ordinario. Deben presentar unha declaración responsable de estar en condicións de defender o TFG co compromiso de entregar a certificación académica definitiva e a solicitude do título antes da dita data.

(\*\*\*) Dentro do primeiro prazo ordinario os chamamentos a matrícula terán as seguintes datas: primeiro chamamento a matrícula do 22 - 26 de xullo, segundo chamamento do 28 - 31 de xullo e, de ser necesario, haberá un terceiro chamamento do 18 - 20 de agosto.

### 3) VERIFICACIÓN PREVIA DOS DATOS

O Servizo de Estudantes deberá:

- Comprobar de que o título (ou certificación supletoria provisional do título) presentado polo estudiante corresponde a unha titulación que dá acceso ao itinerario do máster que solicita.
- Comprobar de que a certificación académica ou SET que presenta inclúe a nota media do expediente calculada segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro



- e que esa nota se corresponde coa incorporada polo estudiante no formulario de preinscripción.
- c) Comprobar de que o Certificado B1 nun idioma estranxeiro está na listaxe de certificados admitidos polo máster.

#### 4) DOCUMENTACIÓN

- a) DNI ou pasaporte en vigor, e NIE, no seu caso.
- b) Título que dá acceso ao máster ou certificación supletoria provisional.
- c) Certificación académica ou SET en que conste a nota media do expediente calculada segundo o sistema establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro.
- d) Certificado B1 nun idioma estranxeiro (véxanse os certificados B1 admitidos en:  
<https://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=listado-certificadosadmitidos-b1>)
- e) Documentación referente aos apartados VI e VII deste documento, de ser o caso.

Os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao EEES que soliciten acceso ás ensinanzas oficiais de másteres universitarios que habilitan para o exercicio de profesión regulada, necesariamente deberán ter o seu título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.



## VI.- RESERVA DE PRAZAS A ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE

Ao abeiro do acordo adoptado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, establecécese unha reserva do 5 % das prazas ofertadas para estudos de máster universitario para os estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisasen de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa.

Os estudantes deberán acreditar esa condición no momento de efectuar a preinscrición correspondente mediante un certificado oficial de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, expedido polo órgano competente de cada comunidade autónoma.

A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada máster.

As prazas obxecto de reserva destes estudantes que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade polo réxime xeral en cada unha das convocatorias.

## VII.- RESERVA DE PRAZAS PARA OS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL E ALTO RENDIMENTO

De acordo co disposto no artigo 9 do RD 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, reservarase un 3 %, porcentaxe establecida pola Xunta de Galicia, nas prazas ofertadas para estudos de máster universitario, para quen acredite a condición de deportista de alto nivel e reúna os requisitos académicos correspondentes.



**Anexo I** Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (non necesitan a legalización da documentación)

ALEMAÑA	ESLOVENIA	IRLANDA	MALTA	ROMANÍA
AUSTRIA	ESPAÑA	ISLANDIA	NORUEGA	SUECIA
BÉLXICA	ESTONIA	ITALIA	PAÍSES BAIXOS	SUÍZA (por acordo bilateral coa UE)
BULGARIA	FINLANDIA	LIECHTENSTEIN	POLONIA	
CHIPRE	FRANCIA	LETONIA	PORTUGAL	
CROACIA	GRECIA	LITUANIA	REPÚBLICA CHECA	
DINAMARCA	HUNGRÍA	LUXEMBURGO	REPÚBLICA ESLOVACA	

**Anexo II** Países participantes do EEES que non son membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (necesitan a legalización da documentación)

ALBANIA	ANDORRA	ARMENIA	AZERBAIYÁN.	BIELORRUSIA
BOSNIA-HERCEGOVINA	FEDERACIÓN RUSA	XEORXIA	KAZAKSTÁN	MACEDONIA DO NORTE
MOLDAVIA	MONTENEGRO	REINO UNIDO	SAN MARINO	SERBIA
TURQUÍA	UCRAÍNA			

**Anexo III** Países asinantes do Convenio da Haia

ACERBAIXÁN	CHILE	INDIA	MONGOLIA	SAN MARINO
ALBANIA	CHIPRE	IRLANDA	MONTENEGRO	SAN VICENTE E AS GRANADINAS
ALEMAÑA	COLOMBIA	ISLANDIA	NAMIBIA	SANTA LUCÍA
ANDORRA	COOK,ILLAS	ISRAEL	NICARAGUA	SANTO TOMÉ E PRÍNCIPE
ANTIGUA E BARBUDA	COREA	ITALIA	NIUE,ILLA	SERBIA
ARMENIA	COSTA RICA	XAMAICA	NORUEGA	SEYCHELLES,ILLAS
ARXENTINA	CROACIA	KAZAJSTÁN	NOVA ZELANDIA	SINGAPUR
AUSTRALIA	DINAMARCA	KIRGUIZISTÁN	O SALVADOR	SUECIA
AUSTRIA	DOMINICA	LESOTHO	OMÁN	SUÍZA
BAHAMAS	ECUADOR	LETONIA	PAÍSES BAIXOS	SURÁFRICA
BAHREIN	EE.UU.	LIBERIA	PALAOS	SURINAME
BARBADOS	ESLOVENIA	LIECHTENSTEIN	PANAMÁ	ESWATINI
BELARÚS	ESPAÑA	LITUANIA	PARAGUAI	TAXIQUISTÁN
BELIZE	ESTONIA	LUXEMBURGO	PERÚ	TONGA
BÉLXICA	SWAZILANDIA	MACAO	POLONIA	TRINDADE E TOBAGO
BOLIVIA	FIDXI	MACEDONIA	PORTUGAL	TUNISIA
BOSNIA-HERCEGOVINA	FILIPINAS	MALAWI	REINO UNIDO	TURQUÍA
BOTSWANA	FINLANDIA	MALTA	REP. DOMINICANA	UCRAÍNA



BRASIL	FRANCIA	MARROCO	REPÚBLICA CHECA	URUGUAI
BRUNEI	GRANADA	MARSHALL, ILLAS	REPÚBLICA ESLOVACA	UZBEKISTÁN
BULGARIA	GRECIA	MAURICIO, ILLA	ROMANÍA	VANUATÚ
BURUNDI	GUATEMALA	MÉXICO	RUSIA, FEDERACIÓN DE	VENEZUELA
CABO VERDE	GUYANA	MOLDAVIA	SAMOA	XAPÓN
	HONDURAS	MÓNACO	SAN CRISTÓBAL E NIEVES	XEORXIA
	HONG-KONG			
	HUNGRÍA			